



Concello de Burela

Concellaría de Servizos Sociais
Centro de Información ás Mulleres

X EDICIÓN DO CONCURSO DE MICRORRELATOS

"25 de novembro: Día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres"

BASES:

- 1.- Establécense dúas categorías para os participantes.
 - 1ª.- Menores de 18 anos.
 - 2ª.- De 18 anos en diante.
- 2.- A temática dos microrrelatos deberá axustarse ao lema proposto.
- 3.- Os traballos presentaranse en tamaño A4, cunha extensión máxima de medio folio, preferiblemente en Times New Roman tamaño 12, en lingua galega según a normativa vixente .
- 4.- Todos os traballos que se presenten serán inéditos e non presentados en anteriores concursos.
- 5.- Os criterios de valoración para elixir os microrrelatos premiados serán o contido e tratamento do tema, orixinalidade, expresión e presentación en xeral.
- 6.- Os orixinais presentados quedarán en poder do CIM do Concello de Burela, que se reserva o dereito da súa publicación, exposición, doazón... ou calquera outro tratamento posterior, sempre sen ánimo de lucro.
- 7.- Dos microrrelatos presentados, un xurado composto por persoas do mundo da cultura e das letras, do Concello e do CIM decidirá cales son as dúas persoas gañadoras. Os premios consistirán en :
 - 75€, na categoría de menores de 18 anos.
 - 150€, na categoría de maiores de 18 anos.
- 8.- Os microrrelatos, asinados cun pseudónimo, deberán entregarse antes do día 21 de novembro no CIM do Concello de Burela, R/ Eijo Garay, 20. Deberán ir nun sobre ao que se adxuntará outro pechado no que figurarán os datos da persoa autora do microrrelato.
- 9.- Os premios daranse a coñecer no acto público que para conmemorar o Día Internacional Contra a Violencia de Xénero terá lugar o venres, 25 de novembro, no Salón de Plenos da Casa do Concello. Os/as gañadores/as deberán de estar presentes no acto de entrega dos premios.
- 10.- A participación neste concurso supón a aceptación de todas as súas bases.

Burela, 17 Outubro de 2016

Asdo.: Patricia Otero Rodríguez
Concelleira de Servizos Sociais, Facenda e Mar